

## **ADDENDA DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA POTENCIAR A FORMACIÓN EN CIBERSEGURIDADE NO ÁMBITO DA FORMACIÓN PROFESIONAL NO CONTEXTO DO PROGRAMA RETECH (REDES TERRITORIAIS DE ESPECIALIZACIÓN TECNOLÓXICA) E NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATION, PRTR A TRAVÉS DE INCIBE**

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (de aquí en diante a "Consellería"), e actuando no seu nome e representación Román Rodríguez González, Conselleiro de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e a súa Presidencia e nos Decretos 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das Consellerías da Xunta de Galicia.

D. Román Rodríguez González declara non ter conflito de intereses (DACI) na firma da presente addenda, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea lugar, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

Doutra parte, D. Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, con NIF Q1500382E, actuando en nome e representación da devandita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 9/2021, do 21 de



xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable (CIXTEC) e modifícase o Decreto 252/2011 do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e apróbanse os seus estatutos, e polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea o director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

D. Julián Cerviño Iglesia declara non ter conflito de intereses (DACI) na firma da presente addenda, manifestando que non se atopa incurso en ningunha situación que poida ser cualificada como conflito de intereses ou causa de abstención, e comprométese a poñer en coñecemento, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses ou causa de abstención que dea lugar, ou puidese dar lugar, ao devandito escenario, e, así mesmo, que é coñecedor das consecuencias que puidesen derivarse da falsidade dunha declaración de ausencia de conflito de intereses.

Todos os representantes das partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, estalles conferidas e, para o efecto,

## EXPOÑEN:

**PRIMEIRO.** – No marco do Programa de Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica (en diante, "Programa RETECH") que persegue impulsar redes territoriais de especialización tecnolóxica a través da articulación de proxectos rexionais orientados á transformación e especialización dixital, o Instituto Nacional de Ciberseguridade (en diante, "INCIBE") lanzou unha invitación pública para aliarse con entidades e unirse a proxectos públicos ou privados de natureza cibernética que teñan como finalidade contribuír ao logro do Compoñente 15.17 do PRTR, e do Eixo Estratéxico 3 da Axenda España Digital 2026.

Fronte á invitación pública previamente referenciada, as Comunidades Autónomas de Cataluña, Comunitat Valenciana e Galicia, a través de diferentes entidades - no caso de Galicia, intervén a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ("Amtega")-,



presentaron o proxecto denominado "Centro de innovación e competencia en ciencias da saúde, transporte intelixente, Industria conectada e excelencia operativa" (en diante, "Proxecto RETECH CCAA"), con temática de ciberseguridade, e aliñado coa Axenda España Digital 2026 e o PRTR.

O Proxecto RETECH CCAA foi avaliado e aprobado pola Comisión de Avaliación de INCIBE con data 7 de decembro de 2022. Así mesmo, en data 18 de decembro de 2023, INCIBE e as Comunidades Autónomas de Cataluña, Comunitat Valenciana e Galicia, a través de diferentes entidades – no caso de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ("Amtega") – formalizaron o convenio de colaboración entre entidades das Comunidades Autónomas de Cataluña, Galicia, Comunitat Valenciana e a S.M.E. Instituto Nacional de Ciberseguridade de España M.P., S.A. (INCIBE) no ámbito do programa RETECH (redes territoriais de especialización tecnolóxica), e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXT GENERATION EU, coa finalidade de executar o Proxecto RETECH CCAA (en diante, "CONVENIO RETECH"). No devandito convenio, as diferentes comunidades autónomas participantes comprometéronse a levar a cabo diversas accións e proxectos mediante o financiamento pactado naquela colaboración – 75% achega INCIBE con cargo en fondos NextGenerationEU provenientes do mecanismo MRR e 25% propios ou privados, comunitarios-.

**SEGUNDO.** – No caso da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia, a través da Amtega, é a entidade responsable para levar adiante o Proxecto RETECH CCAA e as accións obxecto do CONVENIO RETECH en Galicia. Para iso, a Amtega levou a cabo accións tendentes a obter cooperación e colaboración de diversas entidades públicas ou sen ánimo de lucro dedicadas ao sector innovador e tecnolóxico de Galicia que estivesen interesadas en contribuír aos obxectivos estratéxicos do Proxecto RETECH CCAA no marco do Convenio RETECH. Concretamente, a Amtega buscou colaboración para impulsar a liña de actuación 4 sobre excelencia educativa que se centra, principalmente, en impulsar accións e medidas que eleven as capacidades e recursos en



ciberseguridade nos ecosistemas académicos e, así, dotar de habilidades e coñecemento nesta materia que se reflectan en excelencia operativa e capacidades de sociedade dixital.

Neste contexto, en data 8 de xullo de 2024, formalizouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para poñer en marcha o desenvolvemento do Proxecto RETECH CCAA (liña de actuación 4 – Excelencia educativa) ao potenciar os cursos de formación profesional superior en materia de ciberseguridade que se impartirán en todas as provincias galegas, (en diante os "Cursos"), no ámbito do Programa RETECH e no marco do PRTR- financiado pola Unión Europea-NextGeneration, PRTR a través de INCIBE (en diante o "Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en ciberseguridade").

**TERCEIRO.** – O Convenio establece as condicións polas que se rexe a colaboración entre a Amtega e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para a posta en marcha do Proxecto RETECH CCAA – Liña de actuación 4 (Excelencia Educativa), definindo as actuacións para acometer por cada unha das partes; as obrigacións das Consellería e da Amtega; o modelo de financiamento, xustificación e pago; o seguimento do convenio a través das Comisións de Seguimento; a súa modificación; ou a súa extinción e causas de resolución, entre outras.

**CUARTO.** – Con data 10 de marzo de 2025 celebrouse unha reunión específica entre a Amtega e INCIBE co obxectivo de aclarar cuestións relacionadas coa interpretación do Convenio RETECH, especificamente, en materia de IVE.

Derivado de tal reunión recoméndase a aclaración concreta no Convenio do Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en ciberseguridade, sobre a imposibilidade de financiamento do IVE con fondos orixe MRR.

**QUINTO.**– Con data 16 de xullo de 2025 celebrouse a terceira Comisión de Seguimento entre a Amtega e a Consellería, onde se trasladou que a Consellería levará a cabo un



novo curso de ciberseguridade en contornas das tecnoloxías de operación adicional aos xa recollidos no Convenio do Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en ciberseguridade.

De forma específica, a celebración do citado curso adicional non supón, polo momento un incremento do orzamento do Convenio do Proxecto Galego de Programas Superiores de formación en Ciberseguridade.

En base ás consideracións anteriores, ao amparo do previsto na cláusula quita do convenio orixinal, as partes acordaron subscribir esta addenda, conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS:

**PRIMEIRA.-** Modifícanse as cláusulas segunda e quinta do convenio de colaboración, do 8 de xullo de 2024, entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para potenciar a formación en ciberseguridade no ámbito da formación profesional no contexto do programa RETECH (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica) e no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola unión europea - Nextgeneration, PRTR a través de INICIBE, que quedan coa seguinte redacción:

### *“Segunda.- Actuacións obxecto do convenio*

As actuacións, accións e medidas incluídas dentro do Proxecto Galego de programas superiores de formación en ciberseguridade son as seguintes:



- *Convocatoria, organización e desenvolvemento dos cursos de especialización, coas seguintes características:*

Ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da información		
Ciudad	Número de cursos	
	2024-2025	2025-2026
Ferrol	1	1
Santiago de Compostela	2	2
Ourense	1	1
Vigo	1	1
Marín	1	1
A Coruña	1	1
A Estrada	1	1
Vilagarcía	1	1

Ciberseguridade en contornas das tecnoloxías de operación.		
Ciudad	Número de cursos	
	2024-2025	2025-2026
Santiago de Compostela	1	1
Lugo	1	1
Monforte	1	1
Vigo	1	1
Ourense	1	1
Culleredo	0	1

- *Creación, organización e desenvolvemento do espazo de alta especialización en ciberseguridade no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense. Entre as súas funcións estará o desenvolvemento da investigación aplicada e a transferencia dos resultados dos proxectos ao resto dos centros de formación profesional e ao conxunto dos sectores produtivos. Ese espazo de alta especialización permitirá tamén conseguir a máis alta formación e especialización do profesorado e a xeración de proxectos de I+D+i que sexan de transferencia directa ás empresas e institucións.*
- *Brindar formación específica en materia de ciberseguridade que axude a dar resposta ás necesidades formativas do persoal docente que será responsable dos Cursos;*



- *Difusión e promoción dos cursos de especialización en ciberseguridade .*
- *Difusión, promoción e sensibilización no ámbito educativo ou formativo.*

*Para levar a cabo o Proxecto Galego de programas superiores de formación en ciberseguridade antes descrito, cada unha das partes asinantes do presente convenio comprometeuse a colaborar e, por tanto, executar as medidas, accións e actividades pactadas que serán descritas a continuación nesta cláusula e que pertencen á liña de actuación 4 sobre excelencia formativa do Convenio RETECH CCAA.*

*A tal fin, á **Consellería** correspóndelle levar a cabo as seguintes actuacións:*

- *Encargarse da posta en marcha e difusión dos cursos de especialización en ciberseguridade ;*
- *Proporcionar o persoal docente necesario para impartir os cursos de especialización en ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da operación e os cursos de especialización en ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da información.*
- *Encargarse da formación do profesorado responsable de impartir os cursos de especialización en ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da operación e os cursos de especialización en ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da información.*
- *Encargarse da posta en marcha do espazo de alta especialización en ciberseguridade no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense.*
- *Ser o órgano de contratación e tramitar e executar as contratacións necesarias para o desenvolvemento e execución das actuacións previstas no marco do presente convenio. Para estes efectos, con carácter previo ao comezo dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a Amtega, mediante a incorporación do presente*



*convenio formalizado e certificado de existencia de crédito e retención correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos da Amtega.*

- *Achegar o financiamento pactado no presente convenio.*

*Pola súa banda, a Amtega será a encargada de levar adiante as seguintes actuacións e, por iso, deberá:*

- *Encargarse de brindar as directrices iniciais do Proxecto Galego programas superiores de formación en ciberseguridade e de levar adiante o seguimento do mesmo;*
- *achegar o financiamento pactado no presente convenio;*
- *colaborar e dar apoio institucional na difusión do programa."*

**"Quinta. – Orzamento e financiamento. Achegas económicas das partes. Modificación da repartición do orzamento**

**a) Orzamento e financiamento**

*A Amtega e a Consellería acordan que o orzamento para execución do presente convenio e as achegas das partes serán as seguintes:*

ENTIDADES PARTICIPANTES DO CONVENIO	ACHEGA
<b>Amtega</b>	2.479.900,27 €
<b>Consellería</b>	2.100.000,00 €

(Táboa 1) Todos os importes son IVE incluído

*En consecuencia, a **Amtega** achegará a favor da Consellería a **cantidad máxima** de dous millóns catrocentos setenta e nove mil novecentos con vinte e sete céntimos (2.479.900,27 €)) con cargo á aplicación orzamentaria recibida a través de INCIBE en*



*razón do Convenio RETECH celebrado no marco do PRTR– "Financiado pola Unión Europea – NextGeneration, PRTR a través de INCIBE".*

*As achegas de AMTEGA con cargo a fondos europeos, non superará en ningún caso o máximo indicado na táboa 1 de arriba e son IVE incluído. As achegas económicas da Consellería serán en todo caso dun mínimo do 25% do orzamento total executado.*

*As actuacións que está previsto que a Consellería financie con fondos propios (remuneración dos docentes) non está suxeita a IVE. De realizarse algunha actuación por parte da Consellería con cargo aos seus fondos propios e que estivese suxeita a IVE, a Consellería farase cargo do IVE correspondente á súa achega económica que realizará conforme ao acordado no presente convenio.*

*De conformidade co artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, nos proxectos que se financien con cargo ao MRR non poderá incorrerse en dobre financiamento. Neste apartado, indicar que, no caso concreto de España, seguiranse as directrices previstas nos Compoñentes aplicables que, neste caso puntual é C15. 107, onde se determinan a compatibilidade (ou non) deste financiamento con outros fondos da Unión Europea, evitando así o dobre financiamento.*

*Así mesmo, e debido a que a normativa europea así o estipula tanto no Anexo da Decisión de Execución do Consello (CID), como nas disposicións operativas (OA), o IVE non resulta financiable polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, polo que o IVE asociado ás actuacións das partidas financiadas con fondos Amtega, non poderá ser pagado con tales fondos.*

### **b) Achegas económicas das partes**

*A Amtega e a Consellería financiarán as actuacións que se desenvolvan ao amparo do presente convenio con cargo aos seus respectivos orzamentos para os anos 2024, 2025 e 2026, conforme á seguinte previsión de distribución por anualidades:*



ENTIDADES PARTICIPANTES DO CONVENIO	2024	2025	2026
<b>Amtega</b>	1.806.583,56 €	336.658,36 €	336.658,36€
<b>Consellería</b>	350.000,00 €	1.050.000,00 €	700.000,00 €

(Táboa 2) Todos os importes son IVE incluído

Estes importes serán obxecto de retención de crédito segundo a distribución por anualidades que se indica, nas seguintes aplicacións orzamentarias do seu Orzamento:

Aplicacións orzamentarias				
ENTIDADE	Aplicación orzamentaria	2024	2025	2026
<b>Amtega</b>	10.A1.571A.626.0	1.806.583,56 €	336.658,36 €	336.658,36 €€
<b>Consellería</b> <b>(Remuneración docentes)</b>	37.05.422M.12 (nóminas) 37.05.422M.16 (seguridade social)	350.000,00 €	1.050.000,00 €	700.000,00 €

(Táboa 3.1.) Aplicacións orzamentarias (IVE incluído)

Dentro do mes seguinte á firma do presente convenio respecto de a primeira anualidade e dentro do primeiro trimestre respecto de as sucesivas anualidades, a Amtega transferirá ás seguintes aplicacións orzamentarias da Consellería as cantidades que asume con cargo ao seu orzamento:



<i>Aplicacións orzamentarias</i>				
<i>CONCEPTO</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>2024</i>	<i>2025</i>	<i>2026</i>
<b>Equipamento e aula especializada</b>	37.04.422M.640.623.1	1.616.583,56 €	186.658,36 €	186.658,36 €
<b>Formación docentes</b>	37.04.422M.640.18	100.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €
<b>Promoción E difusión</b>	37.04.422M.640.16	90.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €

(Táboa 3.2.) *Aplicacións orzamentarias destino na Consellería da achega da Amtega (IVE incluído)*

*Coa finalidade de adecuar a achega de cada unha das partes ao ritmo de execución efectiva das actuacións obxecto do presente convenio, a Amtega e a Consellería poderán reaxustar as anualidades previstas na táboa 2 anterior respectando, en todo caso, a contía total como importe máximo a achegar por cada unha delas (senalada na táboa 1), do proxecto obxecto do convenio. A ese efecto, o correspondente reaxuste de anualidades levará a cabo a través do procedemento que resulte de aplicación en virtude da normativa autonómica específica e, unha vez realizado, será comunicado á Comisión de Seguimento do Convenio prevista na cláusula décima quinta.*

*Conxuntamente, as achegas económicas máximas ás que se comprometen a Amtega e a Consellería terán a seguinte previsión de distribución por anualidades:*

- *Anualidade 2024: 2.156.583,56 € (IVE incluído).*
- *Anualidade 2026: 1.386.658,36 € (IVE incluído).*
- *Anualidade 2026: 1.036.658,36 €] (IVE incluído).*



A continuación, móstrase na táboa 4 unha estimación dos gastos e investimentos previstas cos seguintes conceptos de gastos:

- **Remuneración docentes.** Remuneración de docentes para os cursos de ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da información e de ciberseguridade en contornas das tecnoloxías da operación.
- **Equipamento.** Elementos hardware, software, licenzas e/ou subscricións a servizos (contornas na nube, cyberrange etc.)/ etc.). Só se financiará con fondos RETECH o investimento do equipo necesario para a posta en marcha dos Cursos que finalmente se implanten de forma efectiva. Se se adquire equipamento e finalmente non se realiza o Curso, ese equipamento será financiado con fondos propios da Consellería.
- **Aula especializada.** Espazo de alta especialización en ciberseguridade no Centro de Innovación da Formación Profesional Eduardo Barreiros de Ourense.
- **Formación docentes.** Contratación de cursos para a formación especializada de docentes (formadores, materiais, certificacións etc.)/ etc.)
- **Promoción e difusión.** Desenvolvemento de iniciativas de promoción e orientación profesionais (espazos en medios de comunicación, concursos con premios, bolsas etc.)/ etc.) e liñas de innovación en colaboración co sector empresarial.



Concepto	Fondos	2024		2025		2026		Total
		Base	IVE	Base	IVE	Base	IVE	
Remuneración docentes	Consellería (FFPP)	350.000,00 €	- €	1.050.000,00 €	- €	700.000,00 €	- €	2.100.000,00 €
Equipamento	Amtega (RETECH)	1.129.407,90 €	237.175,66 €	112.940,79 €	23.717,57 €	112.940,79 €	23.717,57 €	1.639.900,27 €
Ciberseguridade IT (9 cursos)		550.895,50 €	115.688,06 €	55.089,55 €	11.568,81 €	55.089,55 €	11.568,81 €	799.900,27 €
Ciberseguridade OT (6 cursos)		578.512,40 €	121.487,60 €	57.851,24 €	12.148,76 €	57.851,24 €	12.148,76 €	840.000,00 €
Aula especializada	Amtega (RETECH)	206.611,57 €	43.388,43 €	41.322,31 €	8.677,69 €	41.322,31 €	8.677,69 €	350.000,00 €

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.  
 CVE: qx54YEAN77A8 Verificación: https://sede.xunta.gal/ove



Formación docentes	Amtega (RETECH)	82.644,63 €	17.355,37 €	41.322,31 €	8.677,69 €	41.322,31 €	8.677,69 €	200.000,00 €
Promoción e difusión	Amtega (RETECH)	74.380,17 €	15.619,83 €	82.644,63 €	17.355,37 €	82.644,63 €	17.355,37 €	290.000,00 €
<b>Subtotal</b>		<b>1.843.044,26 €</b>	<b>313.539,30 €</b>	<b>1.328.230,05 €</b>	<b>58.428,31 €</b>	<b>978.230,05 €</b>	<b>58.428,31 €</b>	<b>4.579.900,27 €</b>
<b>Total</b>		<b>2.156.583,56 €</b>		<b>1.386.658,36 €</b>		<b>1.036.658,36 €</b>		

(Táboa 4) Distribución de importes por concepto (IVE incluído)



### c) **Modificación da repartición do orzamento**

*A repartición do orzamento establecido na táboa 2 e no apartado 5. b) anterior poderá ser modificada mediante addenda, se iso considérase necesario para o correcto desenvolvemento do Proxecto Galego de programas superiores de formación en ciberseguridade, e sen que en ningún caso poidan superarse as achegas máximas detalladas na táboa 1 que corresponden a todas as partes do convenio.”*

**SEGUNDA.-** En todo o non modificado expresamente por medio de addenda, seguirá en vigor o disposto no convenio de colaboración, de 8 de juliode 2024, entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia e a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para potenciar a formación en ciberseguridade no ámbito da formación profesional no contexto do programa RETECH (Redes Territoriais de Especialización Tecnolóxica) e no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Nextgeneration, PRTR a través de INCIBE..

E en proba de conformidade, as partes asinan este documento, no lugar e data que se sinalan no cabezallo.

**Pola Amtega**

**Pola Consellería**

**O Director Xeral**

**O Conselleiro**

**Julián Cerviño**

**Román Rodríguez González**

